



MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E OS CONCELLOS DE TORDOIA E VILARMAIOR PARA A EXECUCIÓN DE DOUS PROXECTOS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS RURAIS

A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizarase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

A Consellería, en virtude do Decreto Decreto 149/2018, do 5 de decembro, é o órgano da Administración galega encargado de propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

A Consellería, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, determinará as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

Os plans anuais de infraestruturas rurais contemplan actuacións a través da sinatura de convenios con determinados concellos.

Dentro do Plan de Infraestruturas Rurais 2019 (PIR 2019), está prevista a sinatura de arredor de 82 convenios de colaboración entre os que están incluídos os convenios cos concellos de Vilarmajor e Tordoia.

Todos os convenios do PIR 2019 terán dúas anualidades coa excepción dos de Vilarmajor e Tordoia que





terán unha única anualidade, cun prazo de execución de dous meses.

A xustificación desta singularidade nas dúas actuacións en Vilarmaior e Tordoia é que se trata da execución de dúas pontes cuxas obras afectan aos leitos dos ríos, polo que as actuacións se levarán a cabo preferentemente en período de estiaxe para minimizar o impacto sobre o sistema fluvial e fóra do período hábil de pesca (18 de marzo a 31 de xullo), e rematarán antes de finalizar outubro co fin de evitar a freza, co que o período efectivo de traballo serían os meses de agosto, setembro e outubro.

Antecedentes:

- a) O concello de Tordoia solicita á Consellería que se inclúa dentro dos seus proxectos de desenvolvemento e mellora das infraestruturas rurais a execución, á maior brevidade posible, pola necesidade urxente de actuación da obra de infraestrutura rural de reconstrución de dúas obras de drenaxe sobre o Rego de Luar (Gorgullos).

- b) O concello de Vilarmaior solicita á Consellería a execución da obra de infraestrutura rural dunha ponte sobre o río Baxoi que na actualidade conta cun ancho medio de 3,50 metros e presenta un estado moi deteriorado, principalmente dos estribos e do peitoril, con ausencia de elementos ou con eles quebrados o que impide o paso de vehículos en condicións mínimas de seguridade.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, a Consellería ten previsto formalizar dous convenios, un co Concello de Tordoia e outro co Concello de Vilarmaior.

Os instrumentos convencionais arriba referidos terán por obxecto a execución por parte da Consellería das obras de reconstrución de dúas obras de drenaxe sobre o Rego de Luar (Gorgullos) no Concello de Tordoia e a execución da obra de construción dunha ponte sobre o río Baxoi no Concello de Vilarmaior para destinalas ao uso público, conforme aos seus correspondentes proxectos de obra.

O proxecto de reconstrución de dúas obras de drenaxe sobre o Rego de Luar (Gorgullos), Tordoia – A Coruña foi redactado polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro en maio de 2018, resultando un orzamento base de licitación de 55.494,31 €.

A obra consiste na substitución de dúas obras de drenaxe transversal existentes sobre o rego de Luar na parroquia de Gorgullos mediante a instalación de marcos prefabricados de formigón de 4,00 x 2,00 m de sección interior e 6,00 m de ancho, embocaduras de cachotaría, reposicións de firmes e barreiras de seguridade.

O proxecto da ponte sobre o río Baxoi foi redactado polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro en marzo de 2018, orzado cun importe base de licitación de 76.637,53 €.

A obra consiste no proxecto de demolición e posterior construción dunha ponte de formigón armado sobre o río Baxoi, no concello de Vilarmaior (A Coruña), de 12,00 m de luz e 4,10 m de altura libre sobre o leito do río. Estará constituída por un taboleiro, de 12,90 m de lonxitude e 4,00 m de ancho.





Contémplase o afirmado dos accesos á nova estrutura con 20 cm de zahorra e 15 de grava con TTS, así como a reposición do canal de auga existente e o acondicionamento e restauración ambiental do entorno. A ponte comunica as dúas marxes dun camiño de titularidade municipal, sen asfaltar, de ancho variable, que vai dende os 1,80 metros de ancho mínimo ó sur da ponte ata un máximo de 3,50 metros ó norte da mesma. A súa estrutura está composta por un taboleiro de formigón de 8,4 metros e 4,5 metros de luz, aproximadamente.

Os instrumentos convencionais arriba referidos terán unha vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o remate das actuacións contempladas nos mesmos, a comunicación da recepción das obras aos concellos correspondentes e as formalizacións das actas de entrega, sen que poidan exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público

A Consellería considera importante a execución destas obras, contribuíndo dentro das súas disponibilidades orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación e da seguridade viaria no medio rural.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución dos obxectos referidos.

Os convenios que se pretenden asinar fundaméntanse no seguinte:

Encádranse dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitadas polos concellos para as que a Consellería do Medio Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración.

Estas actuacións diferéncianse das do Plan de Mellora de Camiños Municipais con base na súa tipoloxía por tratarse de proxectos de construción de obras de drenaxe transversal como son os marcos prefabricados de formigón en Tordoia e a ponte en Vilarmaior.

As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Estes Convenios teñen natureza administrativa e para a súa tramitación tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local e demais normas de dereito administrativo.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Rural

galicia

Santiago de Compostela

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois



Xacobeo 2021

